



ACTUALIZACIÓN DO ESTADO DAS MEDIDAS SANITARIAS FRONTE AO COVID NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E ESTADO DOS ALBERGUES PUBLICOS. 15 DE XANEIRO DE 2021

1. Medidas específicas COVID para peregrinos realizando o Camiño de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia.

- 1.1 Viaxeiros e peregrinos que se atopen nestes días en territorio galego poden continuar a súa estancia con normalidade, a condición de que non se atopen ou queiran desprazarse a concellos con peche perimetral, respectando todas as medidas sanitarias establecidas.
- 1.2 No que caso en concreto dos peregrinos que aínda están a realizar o Camiño de Santiago nesta época do ano, é preciso lembrarles que poden pasar en tránsito polos concellos con peche perimetral, sempre que sexa única e exclusivamente para seguir o seu camiño, isto é, non poden quedar a pernoitar nos mesmos, nin facer uso doutros servizos como restaurantes. Así, no caso de prever pernoitar nos concellos con peche perimetral, terán que cambiar o seu destino e achegarse a algún dos concellos limítrofes.
- 1.3 Neste sentido, lembrar que os peregrinos teñen a súa disposición ferramentas como a reserva en liña de albergues que lles permite coñecer a ocupación e reservar unha praza.
- 1.4 Hai unha excepción: os peregrinos que xa empezasen o Camiño a día da publicación das novas medidas e poidan demostralo cos selos, si poderán acceder a Santiago e pernoitar na capital, pero sempre respectando escrupulosamente as medidas sanitarias vixentes, entre elas o uso obrigatorio de máscara.
- 1.5 Fai falta lembrar que estas son unhas restricións sanitarias, acordadas dentro do comité clínico, e que teñen como única finalidade preservar a saúde de todos os galegos e galegas e de todos os que nos visitan.



2. SITUACIÓN SANITARIA DOS MUNICIPIOS DE GALICIA.

Para acceder a información actualizada da situación pandémica e medidas anti covid nos municipios de Galicia poden acceder á información –en constante actualización- da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a través da ligazón:

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Restriccions-concellos?idioma=ga>

3. ALBERGUES DE PEREGRINOS DA REDE PÚBLICA DA XUNTA DE GALICIA ABERTOS A 15/01/2021:

CAMIÑO FRANCÉS:

O Cebreiro
Casa Forte de Lusío
Airexe, Ligonde.
Mato Casanova
Monte do Gozo
San Lázaro

CAMIÑO INGLÉS:

Miño
Betanzos
Sergude
Bruma
Poulo

CAMIÑO NORTE:

Gontán
Baamonde
A Cabana, Friol
Boimorto

CAMIÑO PORTUGUÉS:

Mos
Briallos (abre en febreiro. En obras)
Valga (peche perimetral)
Pontecesures (peche perimetral)
Teo (peche perimetral)

CAMIÑO PRIMITIVO:

Castroverde
San Román de Retorta
Seixas



VÍA DA PRATA:

A Gudiña
Laza
Verín (peche perimetral)
Viladerrei
Xinzo(peche perimetral)
Vilar de Barrio
Sandiás
Xunqueira de Ambía
Cea
Bendoiro, Lalín
Bandeira
Outeiro, Vedra.

4. APPS COVID

4.1 PassCOVID.gal



PassCOVID. gal é a aplicación deseñada pola Xunta de Galicia que permite a consulta do estado actualizado das restricións existentes nos distintos municipios de Galicia, recibir avisos importantes de forma inmediata, consultar as recomendacións e informarse sobre a situación actual da pandemia en Galicia, recibir avisos #estar nun establecemento de risco por concentración de contagios e se fuches diagnosticado/a de COVID-19, podes comunicar os teus contactos estreitos, os lugares onde estiveches e consultar o teu código de Radar COVID.

4.2 RADAR COVID



Radar COVID é a aplicación deseñada polo Goberno de España para axudar a evitar a propagación do coronavirus (COVID-19). Radar COVID avísache de maneira anónima do posible contacto que puideches ter nos últimos 14 días cunha persoa que resultase infectada e no caso de producirse ese contacto facilítache a comunicación coa sanidade pública.



5. PROGRAMA: “CAMIÑO SEGURO” E MATERIAIS DESCARGABLES.

A Xunta de Galicia pon en marcha o programa Camiño Seguro, unha iniciativa coa que se promove unha peregrinación adaptada á actual situación sanitaria a través dun protocolo integral de actuación nos itinerarios xacobeos en Galicia.

Ao amparo deste programa establécense unha serie de medidas tanto para os peregrinos como para os profesionais, entidades xestoras ou voluntarios que traballan na Ruta Xacobeas.

Poden consultar os protocolos, plans e materiais de apoio, nas seguintes ligazóns:

1. Información para profesionais e entidades xestoras:

<https://www.caminodesantiago.gal/gl/caminoseguro/profesionais>

2. Información para peregrinos:

<https://www.caminodesantiago.gal/gl/caminoseguro/peregrinos>